



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS DO CONTRATO DE SERVIZOS DE DESBROCE MECANIZADO DO CONCELLO DE MEIRA.

Artigo 1º.- OBXECTO DO CONTRATO.

O presente prego de prescricións técnicas, ten como obxectivo, a definición das tarefas necesarias que se deben realizar para os traballos de roza de marxes das estradas e camiños municipais así como de leiras municipais ordinarias para mantelas libres de malezas e en perfecto estado, de tal forma que se permita a súa funcionalidade e ornato para o fin descrito, así como definir as condicións e criterios técnicos que han de servir de base para a realización dos traballos.

Resulta necesario contratar este servizo, ante a insuficiencia de medios materiais e persoais con que conta na actualidade o Concello de Meira, xa que, non dispón nin de maquinaria apropiada, nin de tempo suficiente para poder abarcar a realización destes traballos, que se efectúan en épocas de bo tempo, en que resulta precisa a intervención dos efectivos municipais para supervisión e auxilio ás obras municipais e outras tarefas que teñen encomendadas.

Artigo 2º: EQUIPOS DE TRABAJO.

O adxudicatario deberá garantir que, durante todo o tempo de duración do contrato, os aparellos, máquinas e demais útiles que sexan necesarios para a execución dos tratamentos de limpeza e roza, estean en perfectas condicións para o seu funcionamento.

Por iso, cada máquina ou aparello deberá empregarse nas operacións en que sexa adecuada, e non utilizarse en traballos que non lle sexan específicos.

Para garantir que a maquinaria e aparellos de aplicación estean en bo estado de funcionamento, reunindo todas as súas características técnicas e adecuada conservación, limparanse estes despois de cada tratamento.

Ademais, a maquinaria deberá gardarse de maneira conveniente, mantela ben engraxada, repasándose as pezas mais delicadas, e efectuarse as revisións periódicas necesarias para obter un bo funcionamento.

Artigo 3º: TRANSPORTE, MONTAXE E POSTA A PUNTO.

O transporte, montaxe e probas dos equipos de roza e limpeza, así como a súa posta a punto previa ao comezo do contrato, serán por conta do adxudicatario, que facilitará o persoal e medios que precisen ditas operacións.

Artigo 4º: ALCANCE DOS TRABALLOS.

O servizo consistirá na eliminación e limpeza dos restos, mediante máquinas rozadoras accionadas desde un tractor preparado para o efecto así como con medios mecánicos e manuais (rozadora manual, sopladora, etc.), de herba, maleza, e/o dos elementos arbustivos que sexan necesarios para manter as marxes das estradas e camiños municipais no estado óptimo que require a normativa de aplicación, entre ela a que se relaciona a continuación:

-Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.



- Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia,
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Lei 7/2012 do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Decreto 105/2006 do 22 de xuño polo que se regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.
- Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios de xestión da biomasa vexetal.

Dado que dentro da época de perigo alto o IRDI varía en función da situación meteorolóxica, do estado da biomasa vexetal e do estado do chan, os medios que se inclúen neste contrato realizarán as seguintes tarefas:

- Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade.

Os traballos consistirán en actuacións mecanizadas en vías e camiños forestais, áreas curta lumes e faixas de xestión de biomasa mediante desbroce, clareo e eliminación de restos, cun máximo de 69,00 hectáreas . Os restos procedentes destes traballos se triturarán mecanicamente, ou no caso de que non fose tecnicamente posible, poderán quedar acordados, debendo estar rematados estes traballos antes do 30 de setembro de 2023 (data límite da xustificación)

O ámbito de actuación será o termo municipal,.

Artigo 5º: ACTUACIÓNS NON PLANIFICADAS.

Debido a unha necesidade xustificada (existencia de eventos, aumento do perigo nun tramo por crecemento excesivo da vexetación,...), será necesario realizar rozas nalgunhas estradas ou tramos de estradas ou leiras con antelación ao previsto na planificación.

O adxudicatario estará obrigado a iniciar a súa execución nun prazo non superior a 3 días desde a súa comunicación por parte do Responsable do contrato, debendo dispoñer, en todo momento, dun equipo para a execución de tales traballos.

Artigo 6º: INSPECCIÓN DOS TRABALLOS.

O Concello de Meira poderá efectuar cantas inspeccións considere oportunas para comprobar a correcta execución do contrato. A este fin, a entidade adxudicataria proporcionará ao persoal municipal toda clase de facilidades para levar a cabo calquera tipo de control, tanto durante a execución dos tratamentos, como posteriormente aos mesmos.

Artigo 7º: MEDICIÓNS E ABONOS.

A certificación que presente o adxudicatario polos traballos efectuados, deberá especificar a superficie tratada, en metros lineais de cuneta de cada un dos camiños e



metros cadrados das leiras desbrozadas e para ser abonadas, terán que ser previamente comprobadas e conformadas polos de servizos municipais.

Artigo 9º: PRAZO DE EXECUCIÓN.

O servizo realizarase nun único corte, resultando suficiente ata o 17 de setembro de 2023 para levar a cabo os traballos de roza de marxes das estradas e camiños municipais así como de leiras municipais ordinarias para mantelas libres de malezas e en perfecto estado.

Artigo 10º: CLASIFICACIÓN DO SERVIZO.

De acordo coa codificación CPV (Vocabulario común de contratos públicos):

- 77312000-0, Servizos de roza.
- 45111220-6, Traballos de roza.

Artigo 11º: PRAZO DE GARANTÍA.

Establécese como prazo de garantía o de tres meses, a contar a partir da finalización do servizo.

Artigo 12º: RESPONSABLE DO CONTRATO.

Nos termos do disposto no artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o responsable do contrato é o Alcalde, quen ditará as instrucións á empresa contratista e determinará os lugares e sitios de desbroce.

Meira, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Asdo. Antonio de Dios Álvarez